



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta

Materia	Psicología: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta			
Código	O05G110V01402			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicología evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Sepúlveda Gradín, Juan Vicente			
Profesorado	Sepúlveda Gradín, Juan Vicente			
Correo-e	sepulveda@edu.xunta.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ten a finalidade de familiarizar ao alumno/a de Educación Infantil con aquelas anomalías e trastornos da conduta que poidan aparecer na época escolar impedindo un normal desenvolvemento físico, psíquico, e intelectual, polo que o mestre/a ha de adquirir os coñecementos pertinentes para minimizar os efectos negativos destas anomalías.</p> <p>Identificar os distintos tipos de trastornos da infancia, as súas causas e as formas de intervención.</p> <p>Ha de mostrar ao mestre/a os conceptos e fundamentos teóricos básicos das características diferenciais da psicología infantil e os aspectos metodolóxicos específicos para o coñecemento e intervención nas condutas problemáticas da infancia que poidan interferir de xeito significativo no desenvolvemento persoal, social, escolar e familiar do neno/a nas súas deficientes manifestacións (déficit de intelixencia, déficit de atención, hiperactividade, conduta disocial, ansiedade, trastornos afectivos, do sono, da eliminación□)</p>			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos	• saber facer
CG4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles	• saber facer
CG5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia	• saber facer

CG8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia	
CG9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida	• saber
CG10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias	• saber facer
CG11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes	• saber facer
CE5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico	• saber facer
CE15	Coñecer os principios básicos dun desenvolvemento e comportamento saudables.	
CE16	Identificar trastornos no soño, a alimentación, o desenvolvemento psicomotor, a atención e a percepción auditiva e visual.	
CE17	Colaborar cos profesionais especializados para solucionar devanditos trastornos.	• saber facer
CE18	Detectar carencias afectivas, alimenticias e de benestar que perturben o desenvolvemento físico e psíquico adecuado dos estudantes.	• saber • saber facer
CE19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.	• saber
CE21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo no aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.	• saber facer
CE22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.	• saber facer
CE23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóraa en educación infantil.	• saber • saber facer
CE24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.	• saber • saber facer
CE29	Valorar a importancia do traballo en equipo	• saber
CE32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.	• saber
CE36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.	
CE59	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma.	• saber facer
CE60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.	• saber • saber facer
CE62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.	
CT1	Capacidade de análise e síntese	• saber
CT2	Capacidade de organización e planificación	• saber facer
CT3	Comunicación oral e escrita	• saber facer
CT7	Resolución de problemas	• saber facer
CT8	Toma de decisións	• saber facer
CT9	Traballo en equipo	• saber facer
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais	• saber facer
CT13	Razoamento crítico	
CT14	Compromiso ético	• saber • saber facer
CT16	Adaptación a novas situacións	• saber facer
CT21	Motivación pola calidade	• saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe

Competencias

Capacitar aos docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións. Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, equidade e ao respecto aos dereitos humanos cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva. Capacidad de organización e planificación Comunicación oral e escrita	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG3 CG4 CG10 CG11 CE5 CE15 CE19 CT1 CT2 CT7 CT8 CT9 CT21
Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia no aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistemáticamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles. Promover estratexias adecuadas para que na súa futura práctica docente as alumnas e alumnos poidan reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG3 CG5 CG10 CE5 CE18 CE21 CE23 CE24 CE29 CE36 CE60 CE62 CT2 CT9 CT11
Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvemento que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia . Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida. Habilidades nas relacións interpersonales. Compromiso ético	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG8 CG9 CG11 CE5 CE15 CE16 CE17 CE22 CE59 CT2 CT11 CT14 CT16

Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias. Adaptación a novas situacións

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CG9
CG11
CE18
CE21
CE32
CT1
CT3
CT11
CT13
CT16

Contidos

Tema	
Conduta e aprendizaxe.	Condicionamento clásico. Condicionamento operante. Aprendizaxe cognitivo-social.
Técnicas de intervención nos trastornos do comportamento.	Técnicas baseadas no condicionamento clásico, no condicionamento operante e na teoría da aprendizaxe social. Técnicas cognitivas e de autocontrol.
Os trastornos do comportamento.	Conceptualización. Clasificación. Epidemioloxía. Factores de risco e protectores. O papel da familia e a escola na abordaxe dos problemas do comportamento. Modelo de intervención.
Trastornos leves da personalidade e do estado de ánimo.	Sentimentos de inferioridade. Timidez. Baixa tolerancia á frustración. Celotipias. Agresividade. Depresión. Estratexias de intervención psicoeducativa.
Trastornos da conduta	Trastorno por déficit de atención con hiperactividade. Trastorno de conduta. Negativismo desafiante. Concepto, etioloxía e diagnóstico. Estratexias de intervención psicoeducativa.
Hábitos nerviosos.	Concepto, etioloxía e diagnóstico. Estratexias de intervención psicoeducativa.
Trastornos da fala.	Tartamudez. Mutismo selectivo. Dislalias. Concepto, etioloxía e diagnóstico. Estratexias de intervención psicoeducativa.
Trastornos por ansiedade	Fobias. Angustia por separación. Trastorno por evitación. Ansiedade excesiva. Concepto, etioloxía e diagnóstico. Estratexias de intervención psicoeducativa.
Trastornos da inxesta e a eliminación	Pica. Enuresis. Encopresis. Estratexias de intervención psicoeducativa.
Trastornos do desenvolvemento	Os trastornos do espectro autista. Identificación. Prevención. Estratexias de intervención psicoeducativa.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Traballo tutelado	24	24	48
Lección maxistral	22.5	73.5	96
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Traballo	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación do programa da materia, os núcleos de contido, as competencias que se esperan que sexan alcanzadas, o sistema de traballo e de avaliación da materia.
Traballo tutelado	Serán realizados baixo a supervisión do profesor nas sesións de pequeno e mediano grupo. Ao finalizar o grupo que o realizou explicará o seu traballo ao resto dos grupos. A elaboración dos traballos será supervisada en todo momento polo profesor, ben directamente na aula, ben na titoría. Nos grupos medianos os alumnos realizarán un programa de intervención sobre algúns dos trastornos obxecto de estudo. Nos pequenos grupos realizaranse actividades de reflexión sobre distintas cuestións da materia.
Lección maxistral	Explicación de contidos teóricos. Nestas sesións, o profesor explicará os contidos da materia e os alumnos poden intervir propoñendo a súas dúbidas e opinións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención realizarase nas horas de tutoría.
Probas	
Traballo	A atención realizarase nas horas de tutoría.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención realizarase nas horas de tutoría.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Os alumnos presentarán informes escritos das actividades realizadas nos pequenos grupos.	10 da nota final.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG5 CG11 CE5 CE19 CE22 CE29 CE60 CE62 CT1 CT3 CT7 CT11 CT13 CT16 CT21

Traballo	Os alumnos elaborarán polo menos un programa de intervención sobre aqueles trastornos propostos polo profesor. Presentarán informes por escrito que serán expostos na aula na data sinalada. A asistencia as sesións de grupos medianos é obrigatoria.	40 da nota final	CB3 CB4 CB5 CG10 CG11 CE5 CE16 CE17 CE18 CE21 CE23 CE24 CE29 CE32 CE36 CE59 CE60 CE62 CT2 CT3 CT8 CT9 CT14 CT16
Resolución de problemas e/ou exercicios	As probas de avaliación consistirán en responder por escrito a preguntas de resposta curta sobre os contidos do programa da asignatura. As preguntas serán calificadas con 1 ou 0 puntos.	50 da nota final	CG8 CG9 CE5 CE15 CE16 CE18 CE19 CE21 CE22 CE59 CT1 CT3 CT13 CT14 CT21

Outros comentarios sobre a Avaliación

Tanto para asistentes como para non asistentes: Para aprobar a materia é preciso acadar o 50% da puntuación en cada unha das partes avaliadas.

Criterios de avaliación para NON asistentes: Os alumnos para ser considerados non asistentes o comunicarán por escrito ao profesor durante o mes de xaneiro; de non ser así serán considerados asistentes.

Con independencia da súa asistencia ou non ás clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación

Exame: 50% da nota final. Tipo de exame igual ao dos asistentes.

Traballos e proxectos: 40% da nota final. Os alumnos terán que elaborar polo menos un programa de intervención sobre algún dos trastornos do comportamento. As instrucións e o seguimento serán realizados nas horas de titoría, sendo obrigatoria a asistencia do alumno a un mínimo de dúas sesións. A non asistencia suporá o suspenso nesa parte. Os programas serán defendidos oralmente polo alumno no día e hora que o profesor sinala.

Traballos de aula: 10% da nota final. Os alumnos entregarán por escrito comentarios sobre os temas de debate propostos polo profesor.

As competencias non adquiridas na primeira convocatoria (mes de maio), serán de novo avaliadas na segunda (xullo).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Caballo, Vicente, Manual de Técnicas de Terapia y Modificación de Conducta, 2ª, Siglo XX, 2008, Madrid

Rodríguez Sacristán, S., Rodríguez Sacristán, S., 1ª, Pirámide, 2002, Madrid

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual/O05G110V01903

Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo/O05G110V01904

Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral/O05G110V01905

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá/O05G110V01304

Psicoloxía: Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos/O05G110V01104

Outros comentarios

Esta materia ten continuidade na mención de educación especial do grado de educación infantil
